NORMATIVA DA PROBA:

“ XIII Carreira de fin de ano 2017 Mugardos-Ares-Mugardos”.

•**DATA:** 31 DE DECEMBRO DE 2017. Proba incluída no calendario da FGA

•**HORARIO:** Saída ás 11 da mañá da Casa do Concello de Mugardos.

•**LUGAR:** Acreditacións e meta no Pavillón polideportivo do Cristo concello de Mugardos.

•**DISTANCIA A PERCORRER:** 10 km.(non homologados)

•**IDADE:** Ter cumpridos 16 anos na data da proba.

•**CLASIFICACIÓN:** A clasificación e a cronometraxe será electrónica e apoiada polo Comité galego de xuíces. Farase unha clasificación xeral única.

•**INSCRICIÓNS :** Ate as 23:59 do 27 de decembro na pasarela **http://www.carreirasgalegas.com** realizando un pago de 3 € . Número máximo de prazas 500.

Retirada de dorsais no mesmo Pavillón polideportivo do Cristo de 9:00 a 10:45 o día da proba. A retirada do dorsal será a confirmación da asistencia á proba.

•**PERCORRIDO:**Mugardos-Ares-Mugardos.

Ás 10’50 horas concentración previa a saída da proba na Avenida de Galicia diante do Concello de Mugardos, dende a saída faise un percorrido polo casco urbano, rúa Contramaestre Casado, rúa Alexandre Bóveda, rúa Ferrol, rúa Catroventos, avd. do Mar, avd. de Galicia, rúa do Mercado, rúa Apelón, rúa Castelao, avenida de Galicia, logo rúa dos Corzás dirección Ares (AC130), entrase na vila de Ares pola avd. de Mugardos ate o Paseo marítimo onde se xira á esquerda, neste punto haberá un avituallamento líquido, séguese o paseo marítimo ate que se chega á avd. Saavedra Meneses que se percorre ate o cruce da rúa Federico García Expósito onde se xira á esquerda cara esta rúa. Ao rematar a Rúa Federico García Expósito acadamos de novo a Avd de Mugardos dirección Mugardos pola AC-130 ate o cruce dos Catro camiños en Mugardos onde se entra á rúa do Cristo para rematar a proba fronte ao Polideportivo municipal de Mugardos.

Tempo máximo de control da chegada 65’ logo da saída. Avituallamento sólido e líquido para todas as persoas participantes ao chegar á meta. Por cuestións alleas á organización como obras públicas ou privadas poderá haber pequenas variacións no circuíto descrito. Durante toda a carreira o tráfico estará restrinxido e todos os cruces controlados por policía e protección civil debendo os participantes atender as súas indicacións.

O tempo estimado da proba é de entre 31 min e 65 min.

Ao remate da carreira farase unha clasificación xeral por tempos nunha categoría única. Todas as persoas participantes que rematen a proba participaran no sorteo de 10 cestas do Nadal.

As dúbidas e interpretación das normas serán resoltas segundo a normativa en vigor da FGA para probas de estas características.

A cobertura do seguro de accidentes deportivos non cubre patoloxías nin lesións anteriores ou alleas á proba sendo responsabilidade de cada participante a cobertura das mesmas así como o de estar nas condicións físicas axeitadas para realizar a proba.

• Organizan: Concellos de Mugardos e Ares e a Federación Galega de Atletismo

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Resposabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.